

PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS
(ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9),
FASE 1, NO CONCELLO DE VIGO

DOCUMENTO Nº 1
MEMORIA E ANEXOS



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 1 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



MEMORIA DESCRIPTIVA



2



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 2 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ÍNDICE XERAL

DOCUMENTO Nº 1 MEMORIA E ANEXOS

MEMORIA DESCRIPTIVA

1. ANTECEDENTES
2. OBXECTIVOS
3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA
4. XEOTECNIA
5. ÁMBITO DE ACTUACIÓN
6. ESTADO ACTUAL E CRITERIOS DE ACTUACIÓN
7. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
8. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO
9. REVISIÓN DE PREZOS
10. PRAZO DE EXECUCIÓN E PROGRAMACIÓN DAS OBRAS
11. PRAZO DE GARANTÍA
12. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
13. PRESUPOSTO DAS OBRAS
14. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 127.2 DO REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, NO SENTIDO PERMITIDO POLOS ARTIGOS 74.3 DA LEY DE CONTRTATOS DO SECTOR PÚBLICO, E 125 DO MESMO REGULAMENTO
15. DISPONIBILIDADE DE TERREOS



16. CUMPRIMENTO DO ORDENACIÓN URBANÍSTICA DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL
17. AFECCIÓN A ELEMENTOS DE PATRIMONIO
18. CUMPRIMENTO DA LEI DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS
19. CONFORMIDADE PREVIA DOUTROS ORGANISMOS
20. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PRESENTE ESTUDIO
21. CONCLUSIÓN



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 4 de 173

Expediente 2615/443


Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. ANTECEDENTES

A rúa Coutadas estrutura unha parte significativa do tramado viario de Teis, entre a rúa Sanjurjo Badia e Travesía de Vigo, e conforma a principal das dúas conexións transversais existentes entre Isaac Peral e Buenos Aires.

Co obxecto de facilitar a execución das obras fórmulase realizar esta en dúas fases, que constitúen cada unha independentemente da outra, obra completa. A extensión das devanditas intervencións amósase na seguinte imaxe:



O presente proxecto desenvolve a Fase 1 que contempla a reurbanización da r/ Coutadas, entre a rúa Santander e o paso superior entre a AP-9; a Fase 2 comprende o acceso as dotacións que se localizan no cuarteirón interno do Barrio, Piscinas Municipais, Centros Educacionais, incidindo na calidade urbana e accesibilidade da zona da rúa Coutadas mais próxima a Sanjurjo Badia.

Cabe destacar como antecedentes os amplos plans municipais para a reurbanización e mellora urbano do Barrio de Teis, materializados nos últimos anos no viario estruturante do Barrio, que foron quen de conseguir unha rehabilitación estrutural, conformando un barrio de referencia dende o punto de vista residencial e comercial.

No ámbito anexo ao Proxecto realizáronse unha serie de actuacións nos últimos tempos:



- a Iniciativa Comunitaria en el Plan de Humanización de Teis, 2010
- Obras a cargo do Fondo Estatal de Inversión local, FEIL-2009, no Concello de Vigo.
- Obras a cargo do Fondo Estatal “Para o Emprego e a Sostibilidade Local”, FEESL-2010, no Concello de Vigo.
- Outras actuacións a cargo dos Orzamentos Municipais

O Pleno da Corporación Municipal aproba en sesión ordinaria de data 23 de xaneiro de 2014 a modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que ten por finalidade dar aplicación ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2012, por un importe total de 5.900.000,00 €.

Unha das inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, recóllese no presente proxecto.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo do Proxecto é a definición técnica precisa para as obras de urbanización consideradas, de forma que poda servir de base para a tramitación e contratación do expediente de obras correspondente.

O ámbito de actuación abarca dende a actual glorieta no cruce da rúa Montecelo ata o paso superior sobre a AP-9.

Os obxectivos ligados á actuación son a conformación viaria mediante beirarrúas e pasos de peóns, a mellora da urbanización existente, e a repavimentación da calzada, todo elo con parámetros que garantan o uso e disfrute dos espazos públicos, e a seguridade vial. Ase mesmo comprende a inclusión de elementos de ornato e mobiliario urbano acordes coa importancia da rúa dentro do tramado urbano no que se inserta.



Límite do ámbito na súa parte inferior, na glorieta de conexión coa R/Montecelo e Santander



Tramo á altura da transversal de acceso á zona de institutos





Tramo intermedio, en torno as vivendas sociais



Muro de contención da r/Santander e os Nardos



Tramo intermedio no cruce do acceso a zona dos
institutos



Límite do ámbito na parte superior

As actuacións de inversións previstas abarcan a execución dunha nova rede de sumidoiros conectada a un sistema de saneamento separativo de augas residuais, o cal aumenta a eficiencia dos diferentes tratamentos que existen o longo da rede municipal, o que aforra enerxía nos diversos bombeos e elementos de depuración e mellora a calidade das augas nos diversos aliviadoiros que presenta a rede, o que implica unha protección e mellora do medio ambiente.

Neste sentido de protección e mellora do medio ambiente tamén se realizará unha renovación dos elementos de alumado público para mellorar a eficiencia lumínica coa que se reducirá a contaminación lumínica ademais do aforro enerxético que supón.

Para a realización das renovacións mencionadas e de modo complementario, demolerase a pavimentación, o cal será aproveitado, na reconstrución para adecuar a mesma para mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida. Do mesmo modo, se aproveita a actuación para coa modificación da sección transversal da rúa aumentando o ancho das beirarrúas, favorecer e fomentar a mobilidade sostible, a través da potenciación do tránsito peonil e o uso de medios de transporte colectivo, o que implica tamén unha protección e mellora do medio ambiente.



3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

Como xeometría de partida tomáronse os datos da cartografía do Concello de Vigo, escala 1:1000.

Realizouse un levantamento topográfico da zona tomando límites de calzada, bordos e entradas a edificacións. Ademais completouse a devandita cartografía coa toma de datos in-situ para o posicionamento de elementos de delimitación e mobiliario urbano.

O contratista deberá aportar un plano de replanteo das alineacións do proxecto, referido a bases sobre o terreo, antes do comezo da obra.

O contratista das obras realizará as oportunas comunicacións ás compañías prestamistas dos servizos urbanos, co obxecto de proceder ao levantamento das aliñacións dos servizos afectados, e no seu caso, programar as obras, para que os cortes de subministración que se teñan que producir, respondan a un criterio axeitado, e en todo caso minimicen o prazo de afección.

4. XEOTECNIA

A actuación consiste nunha renovación dunha rúa xa consolidada polo que non se considerou necesaria a realización de ensaios sobre o terreo. En todo caso a dirección de obra, avaliará a oportuna realización dos devanditos ensaios, no caso de que se presenten inconvenientes.


A este respecto tomaranse as debidas precaucións para a execución de gabias, mediante a identificación detallada das entibacións parciais ou totais previstas no proxecto, conforme á normativa técnica en vigor, e segundo as profundidades previstas no proxecto.

Para o dimensionamento de firmes considerouse, como hipótese máis desfavorable, que a explanada existente é de tipo E2, o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición, naquelas zonas de ampliación onde se produza a ampliación de plataforma.

5. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Este proxecto conforma o ámbito definido na seguinte imaxe, afectando a unha extensión aproximada de 220 metros de vial, e a unha superficie aproximada 3.567 m²





Xeograficamente o ámbito sitúase arredor das coordenadas UTM (HUSO 29) seguintes:

X= 524.723

Y= 4.677.203

6. ESTADO ACTUAL E CRITERIOS DE ACTUACIÓN

6.1. Estado actual

A continuación analízase a situación dos diferentes elementos e infraestruturas que compoñen os espazos públicos correspondentes ao ámbito de actuación.

Pavimentación

Parte da zona de actuación non dispón de beirarrúas accesibles; noutra parte (ao norte en contacto co grupo de vivendas sociais, as beirarrúas están executadas in situ. Na zona de calzada existe mesturas bituminosas en quente.





- Beirarrúa en formigón in situ; interrupción da banda pernil.

Saneamento

Existe un proxecto para a execución de rede separativa en toda a rúa, e sobre o que acometen a rede de sumidoiros. O bombeo da calzada resólvese a dúas augas.

Alumeado público.

Actualmente as luminarias existentes son tipo viarias, sitas nos postes de formigón das liñas eléctricas de distribución de baixa tensión, localizadas na beirarrúa sur.





- Alumado e tendido aéreo de distribución de baixa tensión

Mobiliario urbano

Os elementos de mobiliario son na práctica inexistentes.

6.2. Criterios Xerais

Os criterios establécense segundo prescrición do organismo promotor, o Concello de Vigo, e de acordo co “Informe sobre Alternativas de actuación en r/Coutadas”.

Como obxectivos xerais cabe destacar:

- a mellora xeral da accesibilidade peonil, homoxeneizando as beirarrúas completando os percorridos existentes, e actuando sobre a súa accesibilidade,
- a mellora da seguridade vial, delimitando as zonas de xiro e manobra, encauzando os vehículos, e mellorando a sinalización
- a mellora da paisaxe urbana: sobre todo mellorando todos os acabados e a pavimentación, e actuando sobre a revexetación dos espazos verdes.



Sección tipo

Establécese para a zona comprendida entre os números 47 e 61 unha sección tipo composta por:

- 1,80 m beirarrúa sur +
- 2,0 m. aparcamento +
- 6,20 m calzada+
- 2,0 m beirarrúa norte(variable).

A beirarrúa norte sofre un estreitamento á altura do número 53, cun paso mínimo de 1,20 metros. Neste paso prevese unha futura ampliación a cargo do planeamento de desenvolvemento da APR A-5-28.

Establécese para a zona comprendida entre os números 73 e 87 unha sección tipo composta por:

- 1,50 m beirarrúa sur
- 6 m calzada
- 2,30 m beirarrúa norte, na que se resolven algúns accesos a vivendas mediante escaleiras.

6.3. Pavimentación

Firmes

O obxectivo do dimensionamento de firmes e pavimentos é a determinación da sección estrutural cos materiais e espesores das capas que o constitúen, aspectos que determinan as súas características resistentes, a partir da consideración dunha serie de factores básicos.

A metodoloxía do cálculo consistirá en elixir a sección estrutural máis axeitada entre as diferentes tipoloxías posibles en función das diferentes combinacións de categoría de tráfico e categoría de explanada obtidas.

Para obter estas seccións estruturais de firme urbano deste Proxecto analizáronse entre outras as seccións estruturais das Instrucións ou Normativas seguintes:

- Instrución de Estradas, Norma 6.1.I.C. Asines Flexibles e Norma 6.2.I.C. Firmes Ríxidos.
- Instrución sobre seccións de firmes de Autovías MOPU.
- Pavimentos de formigón para vías de baixa intensidade de tráfico; IECA.
- Manual de pavimentos de lastras de formigón; IECA.
- Chaussées neuves à faible trafic; Manuel de conception; LCPC, SETRA.



- A guide to the structural design of pavements for new roads. Road Note 29.
- Seccións estruturais de firmes urbanos en sectores de nova construción (Eduardo Alabern i Velentí e Carles Gilemany i Casadamon).
- Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano, Ministerio de Fomento.
- Instrución de formigón estrutural EHE.

Tendo en conta que a nova rúa aquí proxectada é secundaria dentro do tramado urbano da cidade de Vigo, pero soporta una certa intensidade circulatoria, por conformar un dos poucos percorridos viarios entre a parte baixa e alta do Barrio de Teis, defínese un paquete de firmes para unha explanada tipo E-2, cas seguintes casuísticas:

- en beirarrúas loseta bicapa con acabado granallado, vista “pedra”, de 5 cm de espesor, de 60x40, apoiada sobre cama de morteiro de formigón, e sobre unha base de formigón en masa HM-20.
- Bandas de aparcamento: en formigón HM-25 de 21 cm de espesor, con mallazo de reforzo 6mm cada 20 cm, B-500S
- En calzada, actuarase en r/Coutadas mediante o fresado de 2 cm de espesor; a repavimentación sobre zonas fresadas se fará con 4 cm de AC 16 SURF, previo rego de adherencia. A reposición de calzada realizarase fora de ditas superficies, mediante o caixeo de toda a sección estrutural, con 15 cm, de ZA, 23 cm de formigón HM-20, 6 cm de AC22, e 4 cm de AC16; ase mesmo se realizarán os regos de imprimación e adherencia para as capas de mestura bituminosa.
- A zona estancial con acceso rodado restrinxido da rúa dos Nardos realizarase en adoquín de granito, así como os vados de carruaxes.

Bordos

Se proxectan novos bordos de formigón, con acabado bicapa. Os bordos delimitan as zonas de pavimentación das beirarrúas, así como os vados de carruaxes.

6.4. Servizos urbanos. Obras de oportunidade e reposicións

Estableceuse un contacto por parte do Concello de Vigo coas distintas compañías subministradoras de servizos urbanos para estudar se é necesaria a utilización desta nova rúa para a implantación de novos tramos de distribución das súas redes. Ase mesmo replanteouse coa axuda dos arquivos municipais, os servizos existentes, establecendo un programa de retranqueo dos servizos.

A este respecto lístase unha relación dos diversos contactos establecidos para a obtención tanto do estado actual, coma das pautas de intervención nalgún dos servizos existentes:

- abastecemento, AQUALIA S.A.
- saneamento, AQUALIA, S.A.



- alumeado, ELECTROMECAÑICOS (CONCELLO DE VIGO)
- enerxía eléctrica, UNIÓN FENOSA, S.A.
- redes de telefonía e telecomunicacións, TELEFÓNICA, S.A. e empresa R,
- gas, GAS GALICIA, S.A.

Os planos facilitados polas distintas compañías teñen un carácter aproximado. Polo tanto, o contratista deberá comunicar a cada compañía operadora o comezo das obras, co obxecto de que técnicos de cada unha das compañías procedan á situación das trazas dos servizos urbanos respectivos.

Inclúese en orzamento a obra civil e instalacións dos servizos municipais; os retranqueos das infraestruturas privadas con concesión de dominio inclúense en canto a obra civil, quedando a instalación de cableado a cargo das compañías operadoras baixo convenio do Concello de Vigo.

Inclúese tamén as necesarias acometidas para a rede de alumeado público.

6.4.1. Abastecemento

A empresa concesionaria do servizo de abastecemento de augas é AQUALIA, S.A.

Non se actúa sobre a rede de abastecemento.

6.4.2. Saneamento

A empresa concesionaria do servizo é AQUALIA, S.A.

Empregáronse a información derivada dos arquivos municipais.

O proxecto esixe o retranqueo dos sumidoiros as novas alineacións, o que se deseña de forma directa aproveitando parte da infraestrutura hidráulica existente.

6.4.3. Distribución de enerxía eléctrica

A empresa encargada do servizo é UNIÓN FENOSA, S.A.

Realizouse un replantexo en campo da rede de distribución existente.

A rede actual de subministro en Baixa Tensión exténdese en aéreo, pola beirarrúa sur, e dende a r/Montecelo, e ten acometidas sobre a beirarrúa norte; a altura da transversal de acceso ao instituto cambia á beirarrúa norte.

Mantense en proxecto a rede de alta tensión soterrada existente (15 KV) pola beirarrúa sur.

Propónse en proxecto o retranqueo da liña aérea e o seu soterramento.



En proxecto inclúese a obra civil, pero non se inclúe o retranqueo do cableado, que será negociado polo Concello coa compañía operadora.

6.4.4. Telefonía e datos

Incorpórase a información dispoñible dos arquivos municipais, actualizada mediante o replanteo in situ realizado.

A liña telefónica vai en aéreo ligado á fachada consolidada. A canalización de R-cable vai soterrada segundo planos.

Se plantexa actuacións de soterramento sobre a marxe consolidada, do tecido aéreo, con obxecto do futuro soterramento do cable telefónico. A liña de R se mantén na actual aliñación.

6.4.5. Iluminación pública

A iluminación, en canto a deseño e mantemento, depende do departamento de Electromecánicos, do Concello de Vigo. Como criterios de deseño tomáronse as disposicións recollidas no Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07, aprobado por Real Decreto 1890/2008 do 14 de novembro, e na Ordenanza Municipal de Iluminación Pública.

Actualmente as luminarias existentes son luminarias viarias, sitas sobre os postes de formigón do tendido eléctrico.

Según indicación dos técnicos municipais do departamento de Electromecánicos, no ámbito de aplicación se instalarán puntos de luz modelo Carandini STR-154 CC, o similar con tecnoloxía LED, grupo óptico IP-66 e con resistencia a impactos IK 07, posta sobre columna de aceiro troncocónica de 9 metros de altura.

Segundo indicacións do Servizo de Electromecánicos de Vigo estas novas luminarias serán conectadas a un centro de mando existente.

Este apartado consta de anexo específico no que se describe e xustifica a instalación proxectada.

6.5. Mobiliario urbano. Elementos de protección

Como principal elemento do mobiliario urbano unha fonte ornamental no interior da illa da glorieta entre as rúas Santander, Coutadas, e Montecelo. A fonte levará 4 chorros de auga, controlados mediante electroválvulas, e cunha coroa de 4 led, un por cada chorro.

Inclúe a obra civil para a formación do vaso da fonte, a instalación, os elementos de suministro eléctrico, así como as conexións de abastecemento, e drenaxe. O vaso da fonte impermeabilízase mediante dúas mans de pintura bituminosa.



6.6. Vida útil dos materiais empregados

6.6.1. Rede de drenaxe

Na rede de drenaxe empregaranse dous tipos de solucións, principalmente canalización enterrada e en casos puntuais canalización superficial, tipo rigola de borde de calzada.

En canto as canalizacións enterradas se proxectan mediante canalizacións de PVC instaladas en zanja. As cargas actúantes se deben a factores externos como o peso do terreo que hai encima, as forzas dinámicas do tráfico de vehículos, a carga estática de elementos puntuais sobre a superficie, etc. Estas canalizacións presentan unhas propiedades mecánicas que decrecen co tempo debido ó fenómeno de fluencia que experimentan unha vez que están soportando peso. As normas destes produtos esixen que o tubo soporte, aos 50 anos da posta en funcionamento, as cargas para as que está deseñado e manteña unha rixidez a longo prazo (50 anos tamén) en valores aceptables.

6.6.2. Beirarrúas

As beirarrúas se conformarán con baldosas hidráulicas e bordos de formigón. Estes elementos para os que existen comercialmente multitude de fabricantes, están conformados con procedementos regulados e suxeitos a estándares de calidade. Calquera dos subministradores deste tipo de produtos ofertan unha vida útil do material de mínimo 20 anos.

6.6.3. Alumeado

Igual que o caso anterior, existen comercialmente multitude de fabricantes, as pezas están conformadas con procedementos regulados e suxeitos a estándares de calidade. A vida útil coa que se traballa en estes elementos é de 10 anos, salvo para consumibles.

6.6.4. Firme aglomerado

A vida útil, que é o período de tempo no que o firme non presenta degradación estrutural, se cifra entre 10 e 15 anos. A calidade e durabilidade dun firme deste tipo, está altamente relacionada coa correcta execución da drenaxe do vial. Tendo en conta que se proxecta a renovación da rede de drenaxe de maneira conxunta, que fundamentalmente se executará con canalizacións soterradas e puntualmente rigolas, conseguirase unha mellor circulación das augas de choiva sobre o pavimento e evitar así acumulacións que degraden o firme con antelación, polo cal estaremos próximos aos 15 anos de vida útil.

7. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

Para a obtención dos distintos prezos que figuran nos cadros de prezos número 1 e 2, redactouse o *Anexo de Xustificación de Prezos*, no cal se calcularon os custos directos das distintas unidades de obra e a partir destes os prezos de execución material segundo a fórmula:



$$P = (1+K/100) \cdot C$$

Sendo:

P: prezos de execución material en Euros

K: porcentaxe correspondente aos custos indirectos

C: custos directos en Euros

O valor K é función dos gastos non imputables a unidades concretas pero si ao conxunto da obra. O devandito coeficiente está calculado no *Anexo de Xustificación de Prezos*, adoptando un valor do 6% para o presente proxecto.

8. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

Este estudio establece as previsións respecto a prevención de riscos de accidentes e enfermidades profesionais, así como os derivados dos traballos de reparación, conservación e mantemento, e as instalacións preceptivas de hixiene, saúde e benestar dos traballadores.

Servirá para dar unhas directrices básicas á empresa construtora para levar a cabo as súas obrigas no campo da prevención de riscos profesionais, facilitando o seu desenvolvemento, baixo o control da Dirección Facultativa, de acordo co Real Decreto 1627/1997, do 24 de Outubro, polo que se implanta a obrigatoriedade da inclusión dun Estudio de Seguridade e Saúde no Traballo nos proxectos de edificación e obras públicas.

Este estudio de Seguridade e Saúde inclúe:

- Memoria
- Planos
- Prego de condicións particulares
- Presuposto

O presuposto de execución material do Estudio de Seguridade e Saúde ascende á cantidade de:

CINCO MIL CINCOCENTOS EUROS (5.500€)

9. REVISIÓN DE PREZOS

Dada a duración das obras inferior a 1 ano, non é necesaria unha fórmula de revisión de prezos, non obstante inclúese unha proposta por se por circunstancias fose necesario ampliar o seu prazo. De acordo co Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de



contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas adóptase a fórmula do anexo II que máis adaptación ás características da obra.

A fórmula proposta é a 382 Urbanización e viais en ámbitos urbanos:

$$Kt=0,03Bt/B0+0,12Ct/C0+0,02Et/E0+0,08Ft/F0+0,09Mt/M0+0,03Ot/O0+0,03Pt/P0+0,14Rt/R0+0,12St/S0+0,01Tt/T0+0,01Ut/U0+0,32$$

As fórmulas propostas serán de aplicación só se así reflícteo o contrato de adxudicación das obras e, ademais unicamente cando o contrato se execute en máis dun 20 % e transcorra un ano dende a adxudicación das obras. De modo que nin a porcentaxe do 20% nin o primeiro ano de execución, contando dende a adxudicación, poden ser obxecto de revisión de prezos.

10. PRAZO DE EXECUCIÓN E PROGRAMACIÓN DAS OBRAS

Achégase a continuación a programación das obras, proxectadas definindo o prazo de execución:

COUTADAS FASE 1	MESES				EJECUCIÓN MATERIAL	EJECUCIÓN CONTRATA (sin IVA)
	1	2	3	4		
MOVIMIENTO DE TERRAS E TRABALLOS PREVIOS	14.228,43				14.228,43	16.931,83
PAVIMENTACIÓN E FIRMES	31.221,01	31.221,01		31.221,01	93.663,03	111.459,01
PLUVIAS		3.610,90	3.610,90		7.221,79	8.593,93
ELECTRICIDADE			10.992		10.991,75	13.080,18
TELEFONICA			10.395		10.395,16	12.370,24
ILUMINACIÓN		10.434	10.434		20.868,14	24.833,09
XARDINERÍA E REGO				37.342,39	37.342,39	44.437,44
SINALIZACIÓN				4.911	4.910,58	5.843,59
MOBILIARIO/ORNAMENTACIÓN	2.256,25	2.256,25	2.256,25	2.256,25	9.025,00	10.739,75
VARIOS	3.524,41	3.524,41	3.524,41	3.524,41	14.097,63	16.776,18
XESTIÓN DE RESIDUOS	1.102,79	1.102,79	1.102,79	1.102,79	4.411,14	5.249,26
SEGURIDADE E SALUDE	1.375,00	1.375,00	1.375,00	1.375,00	5.500,00	6.545,00
PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL	53.707,88	53.524,42	43.690,32	81.732,42	232.655,04	
PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL ACUMULADO	53.707,88	107.232,30	150.922,62	#¡REF!		
PRESUPUESTO BASE LICITACIÓN	63.912,38	63.694,06	51.991,48	97.261,58		276.859,50
PRESUPUESTO BASE LICITACIÓN ACUMULADO	63.912,38	127.606,44	179.597,91	#¡REF!		



11. PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía de 1 ano para tódalas obras, contando a partir da data de recepción pola Administración, segundo o disposto nas condicións sinaladas nos artigos 166 e seguintes do regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

12. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

A clasificación do Contratista, co obxecto de cualificar as posibilidades respecto das esixencias que comporta o cumprimento do Contrato, establécese no Capítulo II Sección I do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/01, de 12 de Outubro e que entra en vigor o 26 de Abril do 2002. No Artigo 36 indícase que só será esixible clasificación naqueles subgrupos o importe de obra parcial dos cales sexa superior ao 20% do total do contrato. Non obstante cando as obras presenten partes fundamentalmente diferenciadas poderá esixirse a clasificación nalgunha delas aínda que o seu importe parcial non supere o 20% do total do contrato.

Na Lei 14/2013 de 27 de Setembro, no art.43 establécese que non será esixible a clasificación nos contratos de obras de valor inferior a 500.000 €, polo que a clasificación calculada neste apartado é unha proposta.

Tendo en conta todo isto, como se describe no anexo "Clasificación do contratista" propónse a seguinte clasificación do contratista:

Grupo: G Subgrupo: 6 Categoría: C

13. PRESUPOSTO DAS OBRAS

O presuposto de Execución Material das obras, segundo se indica no documento nº 4: Medicións e Presuposto, é:

		% PEM
1.1 MOVIMIENTO DE TERRAS E TRABALLOS PREVIOS	14.228,43	6,12%
1.2 PAVIMENTACIÓN E FIRMES	93.663,03	40,26%
1.3 PLUVIAIS	7.221,79	3,10%
1.4 ELECTRICIDADE	10.991,75	4,72%
1.5 TELEFONICA	10.395,16	4,47%
1.6 ILUMINACIÓN PÚBLICA	20.868,14	8,97%
1.7 XARDINARÍA E REGO	37.342,39	16,05%
1.8 SINALIZACIÓN	4.910,58	2,11%
1.9 MOBILIARIO E ORNAMENTACIÓN	9.025,00	3,88%
1.10 VARIOS	14.097,63	6,06%
1.11 XESTIÓN DE RESIDUOS	4.411,14	1,90%
1.12 SEGURIDADE E SAÚDE	5.500,00	2,36%
Presuposto de execución material	232.655,04	
13% de gastos xerais	30.245,16	



6% de beneficio industrial	13.959,30
Suma	276.859,50
21% I.V.A.	58.140,50
Presuposto de execución por contrata	335.000,00

Ascende o presuposto de execución por contrata á expresada cantidade de TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL EUROS (335.000 €).

14. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 127.2 DO REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, NO SENTIDO PERMITIDO POLOS ARTIGOS 74.3 DA LEY DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, E 125 DO MESMO REGULAMENTO

Con esta Memoria e cos demais documentos dos que consta o presente Proxecto, o mesmo queda definido como **obra completa**, conforme sinalan o Artigo 125 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o artigo 74.3 da Lei de contratos do sector público.



15. DISPONIBILIDADE DE TERREOS E AUTORIZACIÓNS NECESARIAS

Do que se desprende da cartografía municipal, e do inventario municipal de bens, o proxecto actúa sobre zonas adscritas ao dominio público municipal, e dado que estas zonas non están afectadas por proteccións medioambientais, patrimoniais..etc. non será necesario a petición de autorizacións a outros organismos.

16. CUMPRIMENTO DO ORDENACIÓN URBANÍSTICA DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL

Nos planos de ordenación do PXOM, a rúa Coutadas ven marcada cunha aliñación de 14 metros. Gran parte das marxes considéranse como solo urbano consolidado, de ordenanza directa nº8 ao norte, e de equipamento ao sur. Unha fracción da marxe norte establécese sobre o aliñamento actual, pero pertence ao ámbito de desenvolvemento secundario APR A-5-28.





As alineacións establecidas son compatibles coas previstas co planeamento, e non afectan a elementos protexidos, polo que o proxecto cumpre o planeamento municipal ao respecto dos seus planos de ordenación pormenorizada.

17. AFECCIÓN A ELEMENTOS DE PATRIMONIO

Contrastando o ámbito respecto do Planeamento, non se observan afeccións a figuras do catálogo municipal de elementos patrimoniais.



18. CUMPRIMENTO DA LEI DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

Este documento foi redactado tendo en conta o disposto no decreto 35/2000, do 28 de Xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de "Accesibilidade e supresión de barreiras Arquitectónicas de Galicia".

O proxecto cumpre ase mesmo a Orden VIV/561/2010 de 1 de febreiro, pola que se "desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados".

19. CONFORMIDADE PREVIA DOUTROS ORGANISMOS

A conformidade previa a este Proxecto será dada polo Concello de Vigo, presentándose ao devandito Organismo un exemplar para a súa aprobación técnica.

20. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PRESENTE ESTUDIO

Este proxecto adicional consta dos seguintes documentos:

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA E ANEXOS.

1 MEMORIA DESCRIPTIVA

2 ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO 1	TOPOGRAFÍA
ANEXO 2	XEOLOXÍA E XEOTECNIA
ANEXO 3	URBANISMO, PLANEAMENTO E ARQUEOLOXÍA
ANEXO 4	CÁLCULOS REDE DE ILUMINACIÓN
ANEXO 5	ESTRUCTURAS
ANEXO 6	CONDIC. MÍN. EN FASE DE EXECUCIÓN E PROGRAM. DESTAS
ANEXO 7	XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
ANEXO 8	CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
ANEXO 9	ESTUDIO DE XESTIÓN DE RESIDUOS
ANEXO 10	ASPECTOS AMBIENTAIS
ANEXO 11	CONTROL DE CALIDADE

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS.

DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE CONDICIÓNS

DOCUMENTO Nº 4: PRESUPOSTO



DOCUMENTO Nº 5: ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

ASINADO POR: Xefe Área Servizos Xerais (Álvaro Crespo Casal) 2014-05-19T12:33:28+02:00 -

Documento asinado



23



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 23 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

21. CONCLUSIÓN

O presente Proxecto, redactado por encarga do Concello de Vigo, cumpre coas Normas vixentes e polo tanto queda en condicións de ser presentado á aprobación dos distintos Organismos competentes na materia.

Vigo, Xaneiro de 2014.

O Enxeñeiro Autor do Proxecto
Fdo.: Santiago N. López Fontán
Colexiado 16.856

O Enxeñeiro Autor do Proxecto
Fdo.: Begoña Arranz González
Colexiado 2.184

O Enxeñeiro Director do Proxecto
Fdo.: Álvaro Crespo Casal





ANEXOS Á MEMORIA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 25 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 1 TOPOGRAFÍA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 26 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. TOPOGRAFÍA

Como xeometría de partida tomáronse os datos da cartografía do Concello de Vigo, escala 1:1000. Realizouse un levantamento topográfico da zona tomando límites de calzada, bordos e entradas a edificacións. Ademais completouse a devandita cartografía coa toma de datos in-situ para o posicionamento de elementos de delimitación e mobiliario urbano.

O contratista deberá aportar un plano de replanteo das aliñacións do proxecto, referido a bases sobre o terreo, antes do comezo da obra.

O contratista das obras realizará as oportunas comunicacións ás compañías prestamistas dos servizos urbanos, co obxecto de proceder ao levantamento das aliñacións dos servizos afectados, e no seu caso, programar as obras, para que os cortes de subministración que se teñan que producir, respondan a un criterio axeitado, e en todo caso minimicen o prazo de afección.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 27 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 2 XEOLOXÍA E XEOTECNIA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 28 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. INTRODUCCIÓN, OBXECTO E ANTECEDENTES

O Anexo presentado a continuación presenta o recoñecemento xeolóxico-xeotécnicos realizado para o PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS (ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9), FASE 1, NO CONCELLO DE VIGO.

O ámbito de actuación ubícase na localidade de Vigo, na provincia de Pontevedra.

O recoñecemento xeolóxico-xeotécnico partiu da recompilación e a análise da documentación existente. Posteriormente realizáronse varias visitas de campo.

No que se refire a traballos e publicacións existentes, consultouse e analizouse, entre outros, os seguintes documentos:

- Folla nº 223 (Vigo) do Mapa Xeolóxico Nacional, MAGNA, a escala 1/50.000.
- Folla nº 16-26 (PONTEVEDRA) do Mapa Xeotécnico Xeneral, a escala 1/200.000.
- Foja nº 16-26 (PONTEVEDRA) do Mapa Xeral de Rochas Industriais, a escala 1/200.000.

2. ENTORNO XEOLÓXICO – XEOTÉCNICO XERAL.

A futura actuación correspondente ó PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS (ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9), FASE 1, NO CONCELLO DE VIGO, localízase no centro urbán da cidade de Vigo, ó fondo da rúa do mesmo nome.

Dende o punto de vista xeolóxico, a zona está no macizo Hespérico; concretamente na zona “Centro Ibérica” definida por Lozte (1945), posteriormente revisada por Matte (1968) quen denomina a esta área “Zona V: Galicia occidental – NO de Portugal”.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 29 de 173


Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>




Mapa xeolóxico



MACIZO IBÉRICO	CADENAS	ALPINAS
<ul style="list-style-type: none"> Zona Cantábrica Zona Asturoccidental-Leonesa Zona Centroibérica Zona de Ossa Morena Zona Surportuguesa 	CORDILLERA PIRENAICA <ul style="list-style-type: none"> Cobertura Meso-Cenozoica Basamento de la Zona Axial 	CORDILLERA IBÉRICA Y COSTERO-CATALANA <ul style="list-style-type: none"> Cobertura Meso-Cenozoica Basamento Varisco CORDILLERA BÉTICA Y BALEARES <ul style="list-style-type: none"> Cordillera Bética (s.l.) Cuenclas Cenozoicas Cobertura Mesozoica poco o nada deformada

Compartimentación estrutural da Península Ibérica






División del Macizo Ibérico según Matte (1968)

Esta unidade subdivídese en tres subunidades ou dominios de composición e estrutura particulares:

- Dominio da fosa blastomilonítica.
- Dominio migmatítico e das rochas graníticas.
- Dominio dos granitoides tardíos.

O ámbito de actuación localízase no dominio migmático e das rochas graníticas aínda que están presentes, como se comentará máis adiante, manifestacións plutónicas tardihercínicas cunha influencia nos materiais descritos evidente e notable.





Unidades estruturais no Oeste de Galicia

A xeoloxía local está determinada pola presenza dun gran paquete metasedentario (esquistos e paraneises) de idade comprendida entre o Precámbrico e o Silúrico, que a súa vez foron intruídos por diversos corpos graníticos durante as distintas fases da oroxenia hercínica.

A fracturación principal é de tendencia NO-SE, como corresponde á principal dirección de deformación hercínica a nivel rexional, e de tendencia subvertical.

Por outra parte é notable a presenza doutra familia de fracturas que xogan cunha dirección perpendicular ás mencionadas.

Como pode observarse, a grandes rasgos, no ámbito de actuación identifícanse dúas grandes unidades xeolóxicas: esquistos e paraneises de idade Precambro-silúricos e granodiorita biotítica con megacristais.

A continuación coméntase detalladamente o entorno xeolóxico, en cada un dos seus aspectos máis relevantes:



2.1. Litoloxía

Os materiais presentes na zona investigada poden agruparse en dous grandes conxuntos: Basamento paleozoico e Sedimentos cuaternarios. O basamento paleozoico está constituído, como xa se mencionou, por esquistos, paraneises e granitos hercínicos. Por outro lado, a nivel local aínda que non afectan ó ámbito de actuación, atópanse sedimentos cuaternarios relacionados con la dinámica litoral.

No ámbito de actuación, a formación xeolóxica maioritaria é a representada polos paraneises con plaxioclasas, biotita e microesquistos de idade Precambro – Silúrico.

Trátase de esquistos micáceos ricos en cuarzo, pouco ou nada migmatizados, provintes da metamorfización de rocas pelíticas. Frecuentemente presentan venas de cuarzo ou cuarzo-feldespatos con pregamento ptigmático.

Esta unidade presenta frecuentemente signos de metamorfismo de contacto como é a blástese mineral (andalucita e granates) provocado polos diferentes pulsos ou movementos dos granitos migmáticos.

Minoritariamente, nesta unidade tamén aparecen de forma discreta, anfibolitas interestratificadas.

As condicións de afloramento desta unidade non son boas, presentando perfís de alteración que poden acadar varios metros de espesura.

Nas zonas nas que aflora (zonas altas e cerros armados con venas de cuarzo), presenta un aspecto foliado e repregado, tonos gris escuro e aspecto altamente fracturado.

A outra gran unidade detectada e destacada no ámbito de actuación é a “Granodiorita con megacristais feldespáticos”. Trátase dunha rocha granítica, de idade tardihercínica, asimilable á coñecida rexionalmente como “Granodiorita de Caldas de Reis”.

Trátase de granitos calcoalcalinos emprazados nas últimas etapas da oroxenia hercínica. A tenor da cantidade de apófises, venas e afloramentos illados deste tipo de materiais, a intrusión debe atoparse bastante preto da superficie actual do terreo. O aspecto no campo é dun granito de gran groso, con tendencia equigranular a inequigranular seriada, destacando polo seu tamaño os feldespatos. Presenta tonalidades rosáceas e, por alteración, zonas verdosas (epidota e clorita). Adoita presentarse bastante fracturado.

Os afloramentos, normalmente, presentanse en forma de berrocais (“bolos”) desconectados do macizo rochoso; é dicir, “flotando” no produto de alteración do mesmo granito; coñecido localmente como “Xabre”.



2.2. Tectónica

A evolución tectónica zonal, e en xeral a do macizo Hespérico, foi polifásica. A grandes rasgos existiron tres grandes fases de deformación.

- A primeira fase é a que conforma as grandes estruturas xeolóxicas existentes a nivel rexional: Pregues isoclinais.

Os pregues presentan unha esquistosidade moi marcada, paralela ó seu plano axial. Os eixos presentan direccións comprendidas entre N 130 E e N 160 E con inmersión de 10- 20° al SE. Nembargantes non se observou no complexo Vigo-Pontevedra, estruturas pregadas debidas a esta posible etapa de deformación.

- A segunda fase de deformación Hercínica: desenvolve unha esquistosidade de fluxo de plano axial case sempre apreciable con claridade nos afloramentos da Folla. Dentro do complexo Vigo-Pontevedra os planos teñen verxencia variable con buzamentos desde 0° a 50°, os rumbos teñen tendencia meridiana. Non se atoparon estruturas pregadas correspondentes a esta fase. Pódense deducir algúns dos seus caracteres a partir da xeometría dos planos: trataríase de pregues apretados isoclinais, nos seus flancos de longo desenvolvemento o ángulo entre a estratificación e a esquistosidade sería mínimo.

Nos gneises de biotita e de riebeckita asociados ó complexo de Vigo-Pontevedra, a deformación da fase maniféstase nunha intensa foliación, acordante coa esquistosidade de fluxo; o aplastamento e recristalización dos minerais segundo estes planos orixina texturas planares e plano-lineais moi característicos.

Polo tanto nas dúas fases desenvólvense acompañadas por metamorfismo rexional de intermedia a baixa presión. O emprazamento de masas graníticas ten lugar ó longo do ciclo, durante e con posterioridade á deformación, orixinando en algúns casos metamorfismos de contacto.

- A terceira fase: na zona central da Folla representáronse macroestructuras que se atribúen e esta fase da deformación hercínica. Estes pregues de gran radio dedúcense do cambio de verxencia dos planos. A dirección axial dos mesmos é aproximadamente N-S; os eixos teñen cabeceo variable e o plano axial é bastante inclinado; as trazas dos eixos na cartografía resultan sinuosas como consecuencia da pequena inclinación dos planos da esquistosidade de fluxo, das condicións topográficas, do cabeceo axial e posiblemente de variacións de competencia no material deformado. Esta fase está igualmente representada en estruturas menores, xeralmente micropregues da esquistosidade; en ocasións acompañanse de dunha esquistosidade de crenulación de plano axial subvertical mellor desenvolvida nos tramos pelíticos da serie.

En canto ás deformacións posthercínicas, son frecuentes as fracturas con desprazamento dextro ou senestro cuns planos de falla, en ocasións conxugados, adaptacións ás direccións N 60° E e N 170 °E, aproximadamente coincidentes con direccións de desgarre tardihercínicas.



As fallas normais, posiblemente relacionadas cunha etapa de distensión mesozoica, teñen como direccións dominantes N 30° E e N 30 ° W; en ocasións pódense apreciar nos espellos de falla indicios de sucesivos desprazamentos.

Nesta fase prodúcese unha descompresión cortical, durante a que se xeran importantes sistemas de fracturación que seguen alineacións SW-NE, N-S, e WNW-ESE; a favor dalgunhas destas direccións de fracturación prodúcese basculamentos do borde continental, que provocan a inundación da ría.

Da evolución finiterciaria e cuaternaria quedan rastros xeomorfolóxicos de niveis de erosión e sedimentos detríticos, na súa maior parte costeiros, de escasa entidade.

2.3. Sismicidade


Para coñecer as características sísmicas da zona consultouse a Norma de Construcción Sismorresistente NCSE-02, na que se inclúe un mapa de peligrosidade sísmica da península Ibérica. Este mapa indica a aceleración sísmica básica en cada punto do territorio nacional expresada en función do valor da gravidade.

Segundo os criterios de aplicación da norma, ésta non é de aplicación obrigatoria nos seguintes casos:

- Construcións de importancia moderada.
- Construcións de importancia normal ou especial en aqueles municipios nos que a aceleración básica sexa inferior a 0,04 g; sendo g a aceleración da gravidade.
- Nas construcións de importancia normal con pórticos ben arriostrados entre si en tódalas direccións cando a aceleración sísmica básica "ab" (art. 2.1) sexa inferior a 0,08g.

Nembargantes, a Norma será de aplicación nos edificios de máis de sete prantas se a aceleración sísmica de cálculo, ac, (art. 2.2) é igual ou maior de 0,08 g.





Mapa de peligrosidade sísmica da península Ibérica

No mapa de Peligrosidade Sísmica, a zona a construír, atópase nun municipio cunha aceleración básica é inferior a 0,04g.

Neste caso concreto, as construcións que se prevén no presente Proxecto son de “Normal importancia” e a aceleración sísmica básica é inferior a 0,04g. Polo que non resulta obligatoria a aplicación de dita Norma.

2.4. Xeomorfoloxía

O ámbito de estudo localízase na marxe Sur da Ría de Vigo. O relevo a nivel comarcal está claramente influenciado pola xeoloxía local. No relevo existente destacan os montes que bordean a cidade de Vigo formado polos ortogneises e rochas metamórficas, formando unha elevación costeira onde, debido en parte ós continuos incendios que asolaron a zona, o desenvolvemento edáfico non é óptimo.

Estas unidades xeran suaves ladeiras e, agás excepcións, escaso encaixonamento da rede hidrográfica secundaria.

Nestas zonas as pendentes adoitan ser inferiores ó 15%, e é onde se asentan as poboacións e terras de cultivo do entorno.



O aspecto das superficies xeradas é o de suaves ladeiras ou chairas, sen escarpes acusados (salvo naquelas zonas de concentración de inxeccións de cuarzo ou filóns graníticos).

Os regueiros soen organizarse de forma que discorren subparalelos a zonas estruturalmente febles como son fallas ou direccións principais da esquistosidade principal.

Por outra parte, as direccións de contacto entre granitos e esquistos tamén favorecen unha organización paralela dos arroios.

No ámbito de actuación predominan os relevos suaves formados a partir dos esquistos máis ou menos alterados. As zonas de intrusión granítica soen presentarse como afloramentos illados (peñas desconectadas ou mesmo “bolos graníticos illados”).

2.5. Hidroxeoloxía

As características hidroxeolóxicas do entorno están determinadas pola xeoloxía local e a xeomorfoloxía existente.

En xeral, as rochas presentes no entorno presentan unha porosidade primaria practicamente nula e cando se presenta é de tipo fisural.

A infiltración concéntrase, polo tanto, en zonas de fractura ou de gran alteración.

Por outro lado, a climatología galega, con temperaturas suaves e choivas copiosas, favorece a meteorización das litoloxías descritas. O produto de alteración de ditas litoloxías soen ser areas, con máis ou menos finos, pero de permeabilidade bastante alta por porosidade intergranular.

Nestas zonas, a evacuación das augas meteóricas prodúcese mediante un mecanismo mixto de infiltración e escorrentía superficial.

Este feito, unido ó desenvolvemento edáfico presente en zonas con vexetación, favorece o prolongado contacto da humidade co macizo rochoso, favorecendo a súa alteración e a lenta percolación, a través de fracturas, das augas meteóricas; conformando os acuíferos profundos.

Cabe esperar, polo tanto, a existencia de, polo menos, dous niveis de acuífero. Por un lado os acuíferos sub-superficiais, xerados na zona alterada do macizo rochoso e polo outro lado, a nivel rexional, acuíferos profundos xerados a partir da entrada de augas a favor das fracturas existentes no macizo rochoso.



3. XEOTECNIA

A actuación consiste nunha renovación dunha rúa xa consolidada polo que non se considerou necesaria a realización de ensaios sobre o terreo. En todo caso a Dirección de Obra, avaliará a oportuna realización dos devanditos ensaios, no caso de que se presenten inconvenientes.

Non obstante, tomaranse as debidas precaucións para a execución de gabias, mediante a identificación detallada da entibación parcial ou total, conforme á normativa técnica en vigor, e segundo as profundidades previstas en cada un dos tramos dos colectores. Dita entibación parcial e total segundo o caso, foi prevista no orzamento, en función das potencias consideradas nas gabias.

Para o dimensionamento de firmes considerouse, como hipótese máis desfavorable, que a explanada existente é de tipo E2, o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición.

Para o dimensionamento das cimentacións de estruturas fixouse unha resistencia característica do terreo de 1,5 kg/cm²; o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2014 09:59

Páxina 38 de 173

Expediente 2615/443

Código de verificación: 24EC3-E48CC-DEAE8-2C82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 3 URBANISMO, PLANEAMENTO E ARQUEOLOXÍA



